

ESCOLA DA VIDA

¿Coeducación ou educación segregada?

27.06.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Desde o nacemento dos sistemas educativos nacionais no século XIX, incorporáronse moitos modelos e actividades de ensino-aprendizaxe que foron xulgados como idóneos para proporcionarlle a calidade necesaria á nova fórmula de escolarización. Médicos como Decroly, psicólogos como Montessori, pedagogos como Freinet?, foron algúns dos seus autores. Este movemento coñécese como Escola Nova. A súa posición foi crítica coa escola tradicional tanto polo papel desempeñado polo profesor como pola súa falta de interactividade, o seu formalismo, a importancia que lle daba á memorización, á competitividade entre o alumnado e, sobre todo, co autoritarismo do mestre. O seu proxecto baseábase na actividade do alumno e en que puidese traballar dentro da aula os seus propios intereses como persoa e como neno (paidocentrismo). Este troco de eixe sobre o que pivotaba a educación transfigurou o modelo escolar existente ata entón, incluída a separación por sexos. Desde entón, rapaces e rapazas empezaron a compartir os mesmos espazos e tempos educativos. A coeducación supuxo, así, que a escola deixase de ser diferente da familia ou de calquera outro ámbito de relación e convivencia cotiá dos seus alumnos. Non obstante, aínda hoxe hai algúns que expoñen modelos de educación segregada ou, como eles lles chaman, diferenciada. Uns, apoiándose en motivos relixiosos ou ideolóxicos, ven os homes e as mulleres como persoas complementarias, que teñen tarefas definidas na vida que lles son exclusivas e incluso excluíntes. Outros a argumentan baixo razóns preventivas de embarazos ou outras consecuencias indesexables que se poden dar en barrios problemáticos dalgunhas cidades. Por último, están os que ven diferenzas evolutivas claras e presentan unhas metodoloxías e estratexias propias xustificadas polo sexo para abordar os coñecementos que se lles imparten.

De calquera xeito, ningunha opción apela a razóns suficientemente poderosas para separar a rapaces e mozas. Os primeiros por que ocultan un desexo de manter uns roles tradicionais que están caducos para unha sociedade democrática. Os segundos por que non observan que a prevención está en plantear solucións tanto dentro como fóra da escola sen tender a formar ghettos indesexables en ningures. E os terceiros por que non teñen en conta que xa a escola coeducativa dispón de fórmulas desde as que se atende aos que avanza a ritmos diferentes (diversificación curricular, aulas para alumnos con necesidades educativas especiais, etc.).

Xa que logo, as únicas escolas que unha sociedade democrática debe custear son as que concerten vínculos sen segregacións innecesarias.